# Wikis

**Como se crea unha wiki?**

- Activar o "modo edición" no curso.
- No tema que se desexe, premer sobre "Engadir unha actividade ou un recurso".
- Seleccionar a actividade de tipo "Wiki"
- Finalmente, premer o botón "Engadir"




Isto lévanos a un formulario onde configuraremos os diferentes parámetros que controlan o funcionamento do wiki.

<u>Xeral</u>

- **Nome**: é o texto identificativo co que este wiki particular aparecerá na páxina principal do curso. Tamén se usa este texto como nome do arquivo da páxina inicial do wiki.
- **Descrición**: é un texto breve que describe as características deste wiki particular, o seu propósito, o tipo de material que contén e que se espera do traballo que o alumnado deberá desenvolver nel. Este campo dispón do editor HTML, así que será fácil introducir estilos, táboas ou imaxes. Non obstante, é recomendable manter este sumario de forma moi resumida.
- **Modo Wiki**: establece quen pode escribir e editar as diferentes páxinas do wiki: colaborativa ou individual.
- **Nome da primeira páxina**. Nome da mesma




## Formato

Indicar en que modo pode verse a Wiki




## Configuración común do módulo

Aspectos xerais de visualización ou grupos/agrupamentos da wiki




Logo de configurar o wiki, este quedará dispoñible para ser editado, mostrándose a pantalla de edición da primeira páxina.

<u>Restrinxir acceso</u>

De querer restrinxir acceso a alguén, se fará nesta sección




<u>Completado da actividade</u>

Indicar o nivel de completado da actividade




<u>Etiquetas</u>

De querer empregar etiquetas, usar esta sección




<u>Competencias</u>

De empregar competencias (non explicado) indicar aquí o que se fará ao terminar a actividade.



Ao terminar e gardar, quedará algo similar ao seguinte




Podemos navegar por cada unha das xanelas para editar ou completar o seu contido